

## ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA E. PRIMARIA

BLOQUE: MOTRICIDADE XERAL  
UNIDADE: PERCEPCIÓN ESPACIAL  
TEMPORALIZACIÓN: 2-4ª semana abril  
MATERIAL E INSTALACIÓNS: Cordas, pista polideportiva ,...  
ORGANIZACIÓN ALUMNOS: Individual, parellas, tríos, equipos, grupo clase.

CICLO: **Terceiro**

NIVEL: 5º - 6º

OBXECTIVOS:

1. Interioriza-lo tempo individual. Ser capaz de adecua-lo tempo persoal ó do compañeiro.
2. Ser capaz de integra-lo noso tempo ó do grupo.

TÉCNICAS DE ENSINANZA: Descubrimento guiado. Busca.

### ANIMACIÓN:

- Por parellas cunha corda, poden xogar ó que queiran, pero individualmente.
- Xogo “**Quita-lo rabo**”. Por parellas un coloca a corda de rabo e o outro ten que pisarlllo. Cambio de rol.

### PARTE PRINCIPAL:

- **Parellas:**
  - En fila, coa corda estirada a altura da cintura, introduciranse os últimos por debaixo e continuarán os seguintes. Cada vez baixarase un pouco máis a corda.
  - Saltos: Saltar a ver pola fiestra; saltar a serpe...
  - Lumbares: Un tira polos extremos da corda e o outro agárraa tombado en prono.
  - Salta-la barca: Un primeiro e outro despois.
  - Salta-la corda individualmente.
  - Saltala por parellas.
  - FORZA: Un a cada extremo da corda tratando de arrastrar ó outro.
  - Face-lo helicóptero coa corda.
  - Xogar ó reloxo por parellas. Cando se falla cámbiase de rol.
  - Carreiras cos pes atados.
- **Gran grupo:**
  - Pasa-la corda por debaixo sen saltar.
  - Pasala dando un salto e ó que falla debe coller un extremo da corda
- **Xogo: Todos tracción:** Grupos de cinco con dúas cordas. Catro collen as cordas facendo un cadrado. No centro queda outro neno. Cada neno está nun vértice do cadrado e tira polas cordas para conseguir que os outros toquen ó que está no centro. O que primeiro toca o centro perde e cámbialle o sitio a este.

### VOLTA Á CALMA:

- **O reloxo:** En gran grupo e cunha corda máis grande cun aro atado no extremo o profesor fai xirala corda e o resto da clase ten que saltala sen fallar.
- **Tirar da corda:** Dous equipos enfrentados na corda, tratan de arrastrar ó equipo contrario.

### OBSERVACIÓNS: